REUNIÓN DA COMISIÓN PERMANENTE NON LEXISLATIVA DE CONTROL DA CORPORACIÓN DA RTVG

Día: 27.12.2019 Hora: 10:30

PARLAMENTO
DE GALICIA

A Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 27 de decembro de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único.- Preguntas

1.1 52269 (10/POC-008084)
Grupo Parlamentario Mixto
Vázquez Verao, Paula
Sobre a información emitida o día 28 de xuño de 2019 no programa Bos Días, da Televisión de Galicia, en relación co informe de Steven Emerman referido ao proxecto para a reapertura da mina de Touro-O Pino, e a opinión da empresa Cobre San Rafael ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 509, do 22.07.2019

1.2 59341 (10/POC-009264)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilar Chento, Óscar e Blanco Rodríguez, Noela
Sobre as razóns da Dirección da CRTVG para non darlle cobertura informativa á visita realizada á Comisión de Peticións do Parlamento Europeo por varias asociacións e colectivos para denunciar o impacto medioambiental que segue a provocar a antiga mina de Touro-O Pino, que agora se pretende reabrir
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 572, do 04.12.2019

1.3 55536 (10/POC-008759)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre o prazo previsto pola Corporación Radio e Televisión de Galicia para a aprobación do Estatuto profesional e a creación do Consello de Informativos previstos na Lei 9/2011, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 533, do 18.09.2019

1.4 58792 (10/POC-009200)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Arias Rodríguez, Raquel e 6 máis
Sobre o balance que fai a Dirección da CRTVG dos espazos e outras

PARLAMENTO DE GALICIA

iniciativas dedicadas á recuperación, mantemento e promoción do patrimonio galego
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 564, do 19.11.2019

1.5 59459 (10/POC-009280)
Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda
Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Jove González, Xan Xosé
Sobre as razóns da Dirección da CRTVG para non pactar coa Asociación de Actores e Actrices de Galicia unha mellora da cobertura e difusión da gala dos Premios María Casares, así como as actuacións previstas para a súa emisión este ano na TVG nun horario de máxima audiencia e cunha cobertura axeitada
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 572, do 04.12.2019

1.6 59774 (10/POC-009312)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis
Sobre a opinión da Dirección da CRTVG referida á cobertura informativa que se está a dar á actualidade das políticas sanitarias de Galicia, en particular, á do peche do paritorio do Hospital Comarcal de Verín e da manifestación cidadá levada a cabo ao respecto o día 30 de novembro nesa vila
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 576, do 13.12.2019

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 18 de decembro de 2019

PARLAMENTO
DE GALICIA

Aurelio Alfonso Núñez Centeno

Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE

COMISIÓN PERMANENTE NON LEXISLATIVA DE CONTROL DA CORPORACIÓN DA RTVG

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P

Vicepresidenta

María Ángeles Antón Vilasánchez	P

Secretario

Xan Xosé Jove González	GCE

Vogais

Raquel Arias Rodríguez	P
Noela Blanco Rodríguez	S
Jaime Castiñeira Broz	P
María Guadalupe Murillo Solís	P
Rosa Oubiña Solla	P
Olalla Rodil Fernández	BNG
Moisés Rodríguez Pérez	P
Paula Vázquez Verao	M
Óscar Vilar Chento	S

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

Día: 27.12.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

Día: 27.12.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 52269(10/POC-008084)

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula

Sobre a información emitida o día 28 de xuño de 2019 no programa Bos Días, da Televisión de Galicia, en relación co informe de Steven Emerman referido ao proxecto para a reapertura da mina de Touro-O Pino, e a opinión da empresa Cobre San Rafael ao respecto

Publicación da iniciativa, 509, 22.07.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/07/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 52269
Data envio: 04/07/2019 19:04:18.353

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto,** ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión da CRTVG.**

O día 27 de xuño de 2019, a Plataforma veciñal Mina Touro-O Pino Non e Rede Contraminación presentaron un informe do experto Steven Emerman no que cualifica de "tolemia" e "posible maldición para as xeracións futuras" o proxecto para a mina de Touro-O Pino, indicando os riscos das balsas de lodos.

Sinalou, ademais, que "**en 6.000 páxinas do proxecto non hai ningunha consideración sobre estes conceptos; nin de inundación nin de terremoto".**

O informativo Bos Días da TVG dedícalle (o 28 de xuño de 2019) á presentación deste informe 25 segundos, mentres que á opinión da empresa Cobre San Rafael, coa resposta a este informe, dedícalle varios minutos, cunha entrevista en directo ao seu Director de Investigación. No telexornal do día anterior (27 de xuño), a nova ocupou 33 segundos.

Polo exposto, a deputada que subscribe pregunta:

- Considera equitativo e respectuoso co principio de pluralidade informativa o tempo que se dedica á información sobre o informe de Steven Emerman, fronte ao que se dedica á resposta de Cobre San Rafael?

Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2019.

CSV: REXISTROFeGncoeTF9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/07/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 52269
Data envio: 04/07/2019 19:04:18.353

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 04/07/2019 10:30:38

CSV: REXISTROFeGncoeTF9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

Día: 27.12.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1.2 59341(10/POC-009264)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilar Chento, Óscar e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as razóns da Dirección da CRTVG para non darlle cobertura informativa á visita realizada á Comisión de Peticións do Parlamento Europeo por varias asociacións e colectivos para denunciar o impacto medioambiental que segue a provocar a antiga mina de Touro-O Pino, que agora se pretende reabrir

Publicación da iniciativa, 572, 04.12.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/11/2019 12:45:11
Nº Rexistro: 59341
Data envio: 25/11/2019 12:45:11.312

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Óscar Vilar Chento e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión da CRTVG.

A Lei de medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia establece no seu distinto articulado os obxectivos, principios e criterios fundamentais polos que se debe regular a xestión da prestación do servizo público de comunicación audiovisual de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.

Así mesmo, esta lei, encomenda a xestión do servizo público de comunicación audiovisual á Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. (Corporación CRTVG).

Un dos principios reitores da corporación, tal como estipula o artigo 4, letra d), debe de ser o reflexo do pluralismo ideolóxico, político, cultural e social de Galicia.

Un pluralismo ideolóxico, político, cultural e social que ultimamente é máis que cuestionable. Tal como se está a denunciar desde distintos ámbitos, colectivos, grupos parlamentarios, e, incluso, polos propios traballadores do ente público.

A manipulación informativa que está a vivir a CRTVG, é pública e notoria. Multitude de noticias de interese para todo o pobo galego están a sufrir unha repetida censura, provocando que estas novas non salgan nos telexornais.

Poderiamos expoñer aquí multitude de exemplos, pero, neste caso en concreto, referímonos á nula cobertura que proporcionaron os informativos da CRTVG á recente visita que realizou unha delegación galega á Comisión de Peticións do Parlamento Europeo.

Delegación formada por varias asociacións como: Cova Crea; Petón do Lobo e Plataforma Veciñal Mina Touro-O Pino NON. E, cuxa misión principal foi reunirse con distintos grupos políticos con representación da

CSV: REXISTROH7ckOOnL9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/11/2019 12:45:11
Nº Rexistro: 59341
Data envio: 25/11/2019 12:45:11.312

Eurocámara, para logo despois denunciar na Comisión de Peticións a indefensión que están a sufrir pola inacción do Goberno galego ante o problema medioambiental que segue a provocar a antiga Mina Touro-O Pino, e que agora un novo proxecto da empresa Cobre San Rafael busca reabrir.

Esta queixa/solicitude, de varios peticionarios galegos, ante a Eurocámara non tivo cobertura por parte da CRTVG.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan preguntan:

1ª) Que motivo, ou motivos, xustifican que non se dese cobertura a esta nova en ningún espazo informativo da grella de programación da CRTVG?

2ª) Para a dirección do ente público, que varias asociacións e colectivos galegos fagan uso dos seus dereitos establecidos e garantidos nos tratados e na Carta dos Dereitos, ante a máxima institución europea, non é noticia?

3ª) Non considera de interese informativo a dirección da CRTVG a cuestión social e medioambiental que está a xerar o proxecto reapertura mina Touro-O Pino, cando pola contra si o está a facer o máis importante foro de debate e político da Unión como é o Parlamento Europeo?

4ª) Considera a dirección da CRTVG que practicando este tipo de censuras está velando polo pluralismo ideolóxico, político, cultural e social de Galicia?

Pazo do Parlamento, 25 de novembro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Oscar Vilar Chento na data 25/11/2019 12:43:27

Noela Blanco Rodríguez na data 25/11/2019 12:43:40

CSV: REXISTROrH7ckOOnL9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

Día: 27.12.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1.3 55536(10/POC-008759)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre o prazo previsto pola Corporación Radio e Televisión de Galicia para a aprobación do Estatuto profesional e a creación do Consello de Informativos previstos na Lei 9/2011, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia

Publicación da iniciativa, 533, 18.09.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 55536
Data envio: 11/09/2019 18:36:26.111

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión de control da CRTVG**, sobre a aprobación do Estatuto Profesional e a creación do Consello de informativos da CRTVG.

Hai máis dun ano que o cadro de persoal da CRTVG iniciou mobilizacións para reclamar o cumprimento real e efectivo da Lei 9/2011 de medios públicos de comunicación audiovisual de Galiza.

No concreto, un aspecto importante recollido no artigo 36 da devandita lei que prevé –desde hai oito anos-- a creación do Estatuto profesional entendido como "instrumento destinado a fortalecer a calidade, profesionalidade e independencia dos contidos informativos ofrecidos polas distintas canles de radio, televisión e internet".

Parello a isto, contempla a "creación dun consello de informativos como órgano interno de participación dos profesionais da información da Corporación RTVG, co fin de velar pola independencia, veracidade e obxectividade dos contidos informativos difundidos por todas as súas canles".

CSV: REXISTROsAnWMxmKN6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 55536
Data envio: 11/09/2019 18:36:26.111

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Porén, malia transcorrer oito anos da aprobación e entrada en vigor da lei non se ten cumprido motivando as denuncias do cadro de persoal e a vaga de mobilizacións que continúa a día de hoxe.

Non é a primeira ocasión en que o Bloque Nacionalista Galego ten reclamado no Parlamento a aprobación do Estatuto profesional e o Consello de informativos previstos na Lei 9/2011 de medios públicos de comunicación audiovisual de Galiza.

De facto, a CRTVG, alén de incumprir o seu propio marco normativo, representa unha anomalía na nosa contorna. Neste senso, a maior parte das Corporacións de medios públicos audiovisuais no Estado español, teñen aprobados e en vigor os seus estatutos de información e/ou redacción. É o caso da Corporación da RTVE, que o aprobou en referendo entre o seu cadro de persoal o 18 de abril de 2008, sendo promulgado polo Consello de Administración o 14 de maio dese mesmo ano.

Tamén a axencia pública (EFE), conta co seu desde 2006, de igual maneira que a Corporación catalana de medios de comunicación (2018), EiTB ou a radiotelevisión valenciana (RTVV) desde o 2000.

Por todo o exposto, desde o Grupo parlamentar do BNG formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión de control da CRTVG:

CSV: REXISTROsAnWMxnKN6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 55536
Data envio: 11/09/2019 18:36:26.111

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Cando vai aprobar o Estatuto profesional previsto no artigo 36 da Lei 9/2011 a CRTVG?

- E o Consello de informativos?

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 11/09/2019 18:35:17

Xosé Luis Bará Torres na data 11/09/2019 18:35:27

María Montserrat Prado Cores na data 11/09/2019 18:35:34

CSV: REXISTROsAnWMxnKN6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 55536
Data envio: 11/09/2019 18:36:26.111

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 11/09/2019 18:35:40

Xose Luis Rivas Cruz na data 11/09/2019 18:35:48

Ana Pontón Mondelo na data 11/09/2019 18:35:57

CSV: REXISTROsAnWMxnKN6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

Día: 27.12.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1.4 58792(10/POC-009200)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 6 máis

Sobre o balance que fai a Dirección da CRTVG dos espazos e outras iniciativas dedicadas á recuperación, mantemento e promoción do patrimonio galego

Publicación da iniciativa, 564, 19.11.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 58792
Data envio: 12/11/2019 19:11:16.876

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodriguez, María Antón Vilasánchez, Rosa Oubiña Solla, Jaime Castíñeira Broz, Guadalupe Murillo Solís, Moisés Rodríguez Pérez e Aurelio Nuñez Centeno, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en **Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación de RTVG.**

A CRTVG, en cumprimento da Lei 9/2011, de 9 de novembro dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, exerce unha continua e intensa labor de servizo público en canto a difusión, divulgación e emisión de contidos esenciais de interese xeral e que salvagardan a identidade da nosa comunidade, as súas tradicións, costumes e patrimonio, absolutamente indivisibles da realidade galega, ademais do compromiso da corporación co uso e promoción do galego como lingua propia de Galicia.

En canto ao patrimonio, tanto material como inmaterial, cabe destacar a especial atención que deben prestan os medios públicos á súa recuperación, mantemento e promoción a través dos distintos espazos da programación e outras iniciativas que leva a cabo a corporación.

Dende o Grupo Popular consideramos fundamental que os medios públicos poñan en antena contidos dedicados ao patrimonio na súa máis ampla definición, o que contribúe a poñer en valor toda a nosa riqueza histórico-artística, arquitectónica, etnográfica, cultural e tradicional.

Do mesmo xeito somos coñecedores de que a nosa cultura e o noso patrimonio ten presenza en toda a programación da CRTVG, dende os múltiples espazos culturais, os informativos, ou a ficción feita ou promovida pola corporación; pero tamén en programas e contidos centrados unicamente no noso patrimonio.

Tendo en conta a relevancia que ten a divulgación do patrimonio de Galicia a través dos medios públicos de comunicación audiovisual como referentes culturais e expoñentes da promoción da identidade e os valores da nosa comunidade, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta para a súa resposta en comisión:

-Que balance fai a dirección da CRTVG dos espazos e outras iniciativas dedicadas á recuperación, mantemento e promoción do patrimonio galego?

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTROPUnelkSF8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 58792
Data envio: 12/11/2019 19:11:16.876

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2019.

Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 12/11/2019 19:06:22

Maria Antón Vilasánchez na data 12/11/2019 19:07:14

Rosa Oubiña Solla na data 12/11/2019 19:07:29

Jaime Castiñeira Broz na data 12/11/2019 19:07:41

María Guadalupe Murillo Solís na data 12/11/2019 19:07:59

Moisés Rodríguez Pérez na data 12/11/2019 19:08:33

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 12/11/2019 19:09:59

CSV: REXISTROPUnelkSFf8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

Día: 27.12.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1.5 59459(10/POC-009280)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Jove González, Xan Xosé

Sobre as razóns da Dirección da CRTVG para non pactar coa Asociación de Actores e Actrices de Galicia unha mellora da cobertura e difusión da gala dos Premios María Casares, así como as actuacións previstas para a súa emisión este ano na TVG nun horario de máxima audiencia e cunha cobertura axeitada

Publicación da iniciativa, 572, 04.12.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2019 11:50:55
Nº Rexistro: 59459
Data envio: 28/11/2019 11:50:55.170

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Á MESA DO PARLAMENTO

Mª Ánxeles Cuña Bóveda e Xan Xosé Jove González, deputadas do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión de control da CRTVG.**

A Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG) no marco da preparación da gala dos Premios María Casares 2020, mantivo unha reunión con responsables da CRTVG o pasado 25 de novembro. Na mesma, trasladouse por parte da AAAG a necesidade de retransmitir a gala pola primeira canle e nun horario favorable para a audiencia, entendendo favorable que a retransmisión comezase e finalizase en horario de prime time. Non obstante, tales peticións non resultaron aceptadas pola CRTVG.

Estas peticións eran as que, de cara á edición de 2019, a AAAG quixo transmitir á TVG. Non obstante, o ente non quixo nin sequera reunirse coa Asociación para abordar ningún aspecto da retransmisión. Naquela altura, a AAAG manifestou "a necesidade de mellorar as condicións da emisión por parte da TVG ou, en caso contrario, de buscar novas alternativas". Porén a Asociación volve procurar o compromiso da retransmisión da gala mellorando a súa cobertura e difusión.

A AAAG convértese un ano máis en testemuña da conduta da CRTVG que volve amosar un novo desprezo cara a cultura propia do país en xeral e cara a teatral en particular. Non se entenden as motivacións que levan á Corporación a non asumir

CSV: REXISTROVG1QH01I0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2019 11:50:55
Nº Rexistro: 59459
Data envio: 28/11/2019 11:50:55.170

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

cambios nin melloras na retransmisión que permitan o acceso da súa audiencia en mellores condicións aos premios de teatro de Galicia, cousa que si fan nos Mestre Mateo.

É unha absoluta vergoña que a CRTVG non lle ofreza a AAAG unha cobertura e difusión dignas que permitan achegar os premios máis importantes do teatro galego á cidadanía; vergoña que o señor Sánchez Izquierdo debera explicar con claridade.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- Por que a CRTVG se negou a pactar unha mellora da cobertura e da difusión dos premios María Casares?
- Tan pouco lle interesa á Corporación a cultura galega?
- Non cre que unha gala, que ademais ten carácter de entrega de premios e á vez de espectáculo, non debe ter o tratamento de evento anual único, ao nivel dos premios Mestre Mateo do audiovisual galego?
- Pensa que a cultura do país conta con suficiente espazo na radio e na televisión públicas e que, polo tanto, pode permitirse o luxo de renunciar á emisión dunha gala de renome como son os premios María Casares?
- Pensa facer algo para solucionar esta cuestión coa dignidade que merece e que este ano a gala se emita na TVG nun horario de máxima audiencia e cunha cobertura axeitada?

CSV: REXISTROVG1QH01II0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2019 11:50:55
Nº Rexistro: 59459
Data envio: 28/11/2019 11:50:55.170

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

- Ulo compromiso dun medio de comunicación público cunha profesión que asemade fornece de profesionais as súas producións?

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2019.

Asdo: Mª Ánxeles Cuña Bóveda
Xan Xosé Jove González
Deputada e deputado do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 28/11/2019 11:50:01

Xan Xosé Jove González na data 28/11/2019 11:50:13

CSV: REXISTROVG1QH01II0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

Día: 27.12.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1.6 59774(10/POC-009312)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre a opinión da Dirección da CRTVG referida á cobertura informativa que se está a dar á actualidade das políticas sanitarias de Galicia, en particular, á do peche do paritorio do Hospital Comarcal de Verín e da manifestación cidadá levada a cabo ao respecto o día 30 de novembro nesa vila

Publicación da iniciativa, 576, 13.12.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2019 10:38:11
Nº Rexistro: 59774
Data envio: 05/12/2019 10:38:11.112

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, María del Carmen Rodríguez Dacosta, Julio Torrado Quintela e **Óscar Vilar Chento**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG.**

A CRTVG está a vivir un preocupante deterioro nos últimos anos, con graves consecuencias para o pluralismo ideolóxico e social, o que ten motivado numerosas protestas dos e das profesionais das canles públicas galegas, de colectivos sociais, e dos propios grupos da oposición. Son moitos os exemplos das mobilizacións durante este último ano e medio, todas elas cun amplo seguimento, levadas a cabo polos traballadores e traballadoras da CRTVG: os venres negros (que aínda seguen), unha gran manifestación o 8 de setembro de 2018 en Santiago de Compostela, paros parciais durante o mes de novembro, e unha folga os días 19 e 22 de decembro de 2018.

Dende o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia levamos tempo denunciando a manipulación informativa dos telexornais, cuxa punta do iceberg son as informacións a respecto da política sanitaria do goberno de Feijoo, que por regra xeral teñen carácter partidista e non representan a pluralidade política e social do noso país.

O anuncio por parte do Goberno de Feijoo de pechar o paritorio de Verín motivou numerosas protestas da veciñanza, e dos profesionais da sanidade pública. O pasado sábado 30 de novembro celebrouse unha manifestación histórica en defensa da sanidade pública ourensá, e en concreto desta comarca.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Considera a CRTVG que á actualidade informativa das políticas sanitarias de Galicia se cubre con obxectividade, e mantendo o principio de pluralismo ideolóxico e social que deben rexer nun medio de comunicación público?
2. Cre que os medios de comunicación públicos cubriron con obxectividade e pluralismo a nova do peche do paritorio de Verín?
3. Como valora a cobertura informativa da manifestación celebrada o pasado

CSV: REXISTROENhaqkWoj5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2019 10:38:11
Nº Rexistro: 59774
Data envio: 05/12/2019 10:38:11.112

30 de novembro en Verín?

4. Cre que na cobertura deste tema, os e as profesionais e a veciñanza que se mobilizou tiveron a mesma presenza na CRTVG que a versión oficial da Xunta de Galicia?

Pazo do Parlamento, 05 de decembro de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
María del Carmen Rodríguez Dacosta
Julio Torrado Quintela
Óscar Vilar Chento
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 05/12/2019 10:36:50

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 05/12/2019 10:37:02

Julio Torrado Quintela na data 05/12/2019 10:37:12

Oscar Vilar Chento na data 05/12/2019 10:37:25

CSV: REXISTROENhaqkWoj5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es